

## b) DA ADMINISTRACIÓN LOCAL

### CONCELLO DE LALÍN

*Anuncio.*

O Concello de Lalín subscribiu, con data do 26 de agosto de 2008, un convenio urbanístico de planeamento para a reclasificación do solo rústico común do vixente PXOM de Lalín con José Francisco Portas Arosa e María Teresa Acuña Ribadulla, polo que o concello se compromete a formular e tramitar, dentro das súas competencias municipais en materia de urbanismo, unha modificación puntual do vixente PXOM de Lalín para a reclasificación do solo rústico común dos predios identificados no expediente como A, B e C, situados ao norte do núcleo urbano de Lalín entre a estrada nacional N-525 (a Santiago de Compostela) e a estrada PO-VP24 (a Vila de Cruces) a solo urbanizable delimitado, mediante a delimitación dun sector de uso industrial no ámbito dos predios A e B, con suxeición ás condicións xerais para a súa transformación e desenvolvemento urbanístico que se establecen no convenio, para o mantemento en Lalín do centro de produción e ampliación das actuais instalacións existentes no predio A dunha empresa industrial de manufactura de vidro líder no seu sector.

En contraprestación, o predio será de cesión obrigatoria, gratuíta e sen cargas para o concello para a localización dun novo equipamento público en virtude da súa consideración como sistema xeral adscrito ao sector urbanizable delimitado descrito no convenio.

En cumprimento do establecido nos artigos 235 e 237 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, expónse ao público o dito convenio preparatorio polo prazo de vinte días para alegacións nas dependencias municipais.

Lalín, 11 de setembro de 2008.

Román Rodríguez González  
Concelleiro delegado de Urbanismo

## e) OUTROS ANUNCIOS

### FUNDACIÓN CENTRO GALEGO DA ARTESANÍA E DO DESEÑO

*Resolución do 16 de setembro de 2008 pola que lles dá publicidade aos convenios de colaboración subscritos por este organismo no ano 2008.*

Para os efectos previstos no artigo 11.1º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de

boas prácticas na Administración pública galega, acórdase darlles publicidade aos convenios de colaboración previstos no artigo 3.1º c) do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, subscritos pola *Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño* ao longo do ano 2008, e que se relacionan no anexo a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2008.

Maruxa Ledo Arias  
Xerente da *Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño*

#### ANEXO

Título: Convenio entre a *Fundación Centro Galego da Artesanía e do Deseño* e o Concello de Malpica de Bergantiños.

Obxecto: potenciar o sector artesanal galego no ano 2008.

Sinatura: 19-6-2008.

Importe: 30.000 €.

### CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR

*Resolución do 7 de outubro de 2008, da Comisión de valoración e seguimento, das listaxes de agarda para a cobertura temporal de postos de traballo, pola cal se aproba e se fai pública a listaxe provisoria de persoas admitidas, coa súa puntuación e orde de prelación, e de persoas excluídas, na categoría de plans de inclusión social no ámbito territorial da Coruña, Pontevedra, Lugo e Ourense e na categoría de auxiliar administrativo no ámbito territorial dos servizos centrais.*

Este consorcio fai pública a resolución da Comisión de valoración e seguimento das listaxes de agarda para a cobertura temporal de postos de traballo do consorcio pola cal se aproba e se fai pública a listaxe definitiva de persoas admitidas, coa súa puntuación e orde de prelación, e persoas excluídas, na categoría de plans de inclusión social no ámbito territorial da Coruña, Pontevedra, Lugo, Ourense e na categoría de auxiliar administrativo no ámbito territorial dos servizos centrais.

A listaxe das persoas que se atopan nesta situación está exposta no taboleiro de anuncios do consorcio e na páxina web: [www.igualdadebenestar.org](http://www.igualdadebenestar.org).

Santiago de Compostela, 7 de outubro de 2008.

Lois Pérez Castrillo  
Presidente da Comisión de Valoración